



CONCRECIÓN CURRICULAR

**IES PLURILINGÜE
PINTOR COLMEIRO
(SILLEDA)**

REVISIÓN Nº: 1
DATA: 11 /07/2019

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 27/06/2019

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 11/07/2019

TÁBOA DE CONTIDO

Índice

1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. PERFÍS COMPETENCIAIS DE AREA/MATERIA. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO.....	4
2. CONCRECIÓNS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA (DISPOSICIÓN DO ALUMNADO NA AULA, APRENDIZAXE COOPERATIVA, APRENDIZAXE POR PROXECTOS...)	4
3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	6
4. RECURSOS E MATERIAIS. (ESPECIFICAR, NO SEU CASO, RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO POR NIVEL EDUCATIVO CON EXPRESIÓN DA DATA DE APROBACIÓN POR PARTE DA INSPECCIÓN EDUCATIVA).....	7
5. TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS NAS ÁREAS/MATERIAS CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO.....	8
6. PROXECTOS E PROGRAMAS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO.....	11
7. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN.....	15
8. CRITERIOS PARA DESEÑAR, SELECCIONAR, ORGANIZAR E AVALIAR AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	16
9. CANLES DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E ALUMNADO (MODELO UNIFICADO DE INFORMACIÓN SOBRE AS PROGRAMACIÓNS, USO DA AXENDA ESCOLAR, USO DA PÁXINA WEB, REUNIÓN, TUTORÍAS PAIS, AULA VIRTUAL...)	20
10. AVALIACIÓN DO ALUMNADO:.....	20
I. DATAS DAS AVALIACIÓNS.....	20
II. AVALIACIÓN INICIAL.....	22
III. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE CURSO/ETAPA ESO/BAC/ESA.....	22
IV. CRITERIOS DE TITULACIÓN (ESO-BAC- FP ESPECÍFICA - FP BÁSICA - ESA).....	24
V. PROCEDEMENTO PARA A ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS EN BACHARELATO.....	29
VI. PROTOCOLO PARA A ELABORACIÓN DE PLANS ESPECÍFICOS PARA ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO CURSO.....	29
VII. CRITERIOS XERAIS PARA TRATAMENTO DAS MATERIAS PENDENTES.....	30
VIII. PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E DE RECLAMACIÓNS AO LONGO DO CURSO E ÁS CUALIFICACIÓNS FINAIS.....	31
IX. CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MENCIÓNS HONORÍFICAS.....	32
11. CRITERIOS XERAIS DA AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E DO PROCESO ENSEÑANZA APRENDIZAXE. CONCRECIÓN DOS INDICADORES DE LOGRO (MODELO DE ACTA).....	33
12. DECISIÓNS E CRITERIOS XERAIS NA ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS (MODELO UNIFICADO, DATAS DE ENTREGA, DATAS DE REVISIÓN, GUIÓN REVISIÓN...)	35
ANEXO. Relación de libros de texto 2018/19.....	37

1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. PERFÍS COMPETENCIAIS DE AREA/MATERIA. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO.

Os estándares de aprendizaxe avaliados ou especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados da aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada unha das áreas deben ser observables, medibles e avaliados e permitir graduar o rendemento e o logro acadado.

A Resolución do 15 de xullo de 2016, da DXEFP, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da ESO e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 24, dedicado ás programacións didácticas:

1. Os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendada na organización docente do centro.
2. A programación didáctica deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento.
3. As programacións didácticas incluírán en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:
[...] b) *Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.*

Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliados de cada área e curso estarán contextualizados ás características do centro e do propio alumnado. Estes quedarán plasmados nas correspondentes programacións didácticas de cada materia ou materia

2. CONCRECIÓNS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA (DISPOSICIÓN DO ALUMNADO NA AULA, APRENDIZAXE COOPERATIVA, APRENDIZAXE POR PROXECTOS...)

2.1. ESO

1. A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.
2. Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.
3. No proxecto educativo e nas programacións didácticas fixaranse as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliados previstos en cada materia e, de ser o caso, en cada ámbito, así como a adquisición das competencias.
4. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.
5. Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información

e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.

6. Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicárase un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias.
7. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
8. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.
9. O centro impartirá de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa (castelán, galego, inglés, francés e latín), co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concréntanse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua. Estableceranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas na ensinanza e avaliación da lingua estranxeira para o alumnado con discapacidade, en especial para aquel que presenta dificultades na súa expresión oral. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

2.2. BACHARELATO

1. A metodoloxía no bacharelato favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.
2. As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.
3. O centro de acordo coas directrices da Consellería de educación, promoverá as medidas necesarias para que as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, a expresión escrita e a capacidade de se expresar correctamente en público se traballen polo profesorado en todas as materias. O alumnado de bacharelato debe adquirir, ademais, un manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples.
4. O centro impartirá de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretáranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos

estándares de aprendizaxe similares nas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

5. A acción titorial e a orientación educativa e profesional terán un papel relevante nesta etapa. O/a profesor/a titor/a coordinará a intervención educativa do equipo docente e manterá unha relación permanente cos pais, coas nais ou cos titores e coas titoras legais, co fin de garantir o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1.d) e g) da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

2.3. FP ESPECÍFICA

A metodoloxía combinará a práctica coa teoría na medida requirida por cada un dos módulos profesionais que compoñen cada ciclo. Manteranse estreitos contactos coas empresas da zona, non só durante o período de realización da FCT, senón ao longo de todo o curso, programándose visitar ás mesmas ou co desenvolvemento de contidos específicos por expertos provenientes do mundo produtivo para aqueles ciclos formativos que o contemplan. A metodoloxía para utilizar na formación profesional específica tratará de forma globalizada os contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos asociados ás súas ensinanzas, así como os relacionados cos aspectos legais e do mundo do traballo por conta allea e por conta propia, integrará a teoría e a práctica, promovendo no alumnado unha visión global e coordinada dos procesos produtivos nos que deberá intervir como profesional.

No caso de que a oferta formativa se considere dentro dunha oferta parcial de módulos profesionais e se dirixa a persoas adultas, ou se realice como educación a distancia, o tratamento metodolóxico adaptárase ás peculiares características das persoas ás que vai dirixida.

3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

As medidas de atención á diversidade son aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e están recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais do devandito plan ás que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e polo *DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*. Neste plan concréntanse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que o centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

Estas medidas e accións rexeranse polos principios de normalización e inclusión escolar e social, implican a toda a comunidade educativa e van dirixidas ao alumnado no seu conxunto.

Igualmente teñen carácter revisable e estarán suxeitas a un proceso de avaliación continua introducindo as modificacións que as necesidades do instituto requiran.

Estableceranse en función do seu carácter preventivo sen esquecer aquelas que dan resposta a necesidades específicas ou individuais.

Destacamos como medida de carácter preventivo a acción titorial e orientadora entendida no seu sentido máis amplo, exercida por todo o profesorado do centro e departamento de orientación e dirixida a toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias).

3.1. CRITERIOS XERAIS PARA AGRUPAMENTOS DO ALUMNADO.

O criterio básico para determinar agrupamentos é alfabético, aínda que tamén se toman en consideración os seguintes:

- En función das materias de libre configuración e optativas.
- Segundo teñan elixido Relixión ou Valores Éticos.
- Tratarase de conseguir o maior equilibrio posible entre sexos.
- Tratarase de distribuír de xeito igualitario os alumnos/as repetidores entre os distintos grupos do mesmo curso.
- Tratarase de distribuír de xeito igualitario ao alumnos/as con problemas de aprendizaxe entre os distintos grupos do mesmo curso.
- No caso dos irmáns xemelgos, atenderanse, na medida do posible, o indicado polas familias, e os antecedentes dos/as alumnos/as.

4. RECURSOS E MATERIAIS. (ESPECIFICAR, NO SEU CASO, RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO POR NIVEL EDUCATIVO CON EXPRESIÓN DA DATA DE APROBACIÓN POR PARTE DA INSPECCIÓN EDUCATIVA).

4.1. AULAS

Ademais das aulas de referencia con que conta cada agrupamento, existe unha aula de música, unha aula de plástica, cinco aulas específicas de informática, un taller de tecnoloxía, tres laboratorios (de física, química e bioloxía, respectivamente) e unha aula de convivencia. Hai tamén dúas aulas de desdobres no primeiro andar.

Todas as aulas do centro contan con dotación informática e proxector, e moitas delas teñen tamén pizarra dixital. No caso das aulas de ciclos de comercio e formación profesional básica (FPB), a ratio é de un equipo informático por alumno/a.

O centro conta cun ximnasio no que se habilitaron varias aulas para desenvolver a docencia do ciclo medio de actividades físicas e deportivas no medio natural. A pista polideportiva foi restaurada hai poucos anos e está en bo estado.

Unha parte da docencia do ciclo medio de conducción de actividades físicas e deportivas no medio natural desenvólvese ordinariamente nas instalacións dunha empresa equina. É importante resaltar que este ciclo precisa urxentemente dotación de material para poder desenvolver adecuadamente os módulos prácticos.

No caso dos ciclos formativos de FP, das dúas familias profesionais implantadas no IES Plurilingüe Pintor Colmeiro, dispoñen de aulas específicas e Talleres, de uso exclusivo na maior parte dos casos, dotados de todos os medios que a impartición do curriculum dos diversos módulos esixe.

4.2. BIBLIOTECA:

Disponse dunha biblioteca a disposición de todo o alumnado do centro, con servizos de préstamo.

4.3. PÁXINA WEB DO CENTRO:

Nesta páxina recóllese toda a información de interese para a comunidade educativa.

4.4. LIBROS DE TEXTO

Relación de libros de texto 2018/19: ver ANEXO incluído

5. TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS NAS ÁREAS/MATERIAS CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO.

A educación en valores e actitudes son parte do currículo explícito das distintas etapas educativas. Son contidos da educación que, non pertencendo a ningún area ou materia específica, constitúen unha referencia para todas elas.

Na práctica diaria na aula trataranse aqueles contidos transversais que teñen relación cos contidos da materia específica que nese momento se imparte, integrándoos de xeito que leve ao alumnado a unha reflexión e actitude positiva respecto a eles. En cada departamento verase o momento idóneo nas diferentes UD para incorporar estes temas.

O criterio que seguimos para o tratamento específico destes temas é a elección pola CCP dun tema concreto que será tratado de xeito intenso e monográfico, nunha semana ou xornadas procurando a participación de toda a comunidade escolar.

Cada curso no calendario anual e na Programación Xeral anual figurarán os temas transversais que se xulguen importantes para o alumnado.

Os temas transversais presentes no currículo da ESO son os seguintes:

- Educación ambiental.
- Educación para a paz.
- Educación para a saúde.
- Educación para a igualdade. Educación do consumidor.
- Educación vial.
- Educación sexual.
- Educación cívica e moral.

Educación ambiental

O medio ambiente concíbese como algo que supera a mera realidade física e natural, estendéndose fundamentalmente as actividades humanas e a súa repercusión sobre a natureza.

OBXECTIVOS:

Entender o medio ambiente en toda a súa complexidade, de xeito que se poidan identificar e analizar problemas ambientais.

Sensibilizar aos alumnos/as para que desenvolvan certas actitudes positivas respecto ó medio e participen de xeito activo na súa conservación e mellora.

Axudar e comprender claramente a interdependencia económica, social, política e ecolóxica entre as zonas rurais e urbanas.

Inculcar pautas de comportamentos nos individuos, os grupos sociais e a sociedade en xeral, respecto do medio ambiente.

Educación para a paz.

Este tema céntrase nos valores da solidariedade, a tolerancia, o respecto a diversidade, a capacidade de diálogo, e a participación social. Baséase así mesmo no desenvolvemento da autonomía e autoafirmación tanto individual como colectiva.

OBXECTIVOS:

- Axudar a comprender a violencia estrutural, a inxustiza social e a ter unha actitude comprometida coa paz nese senso.

- Tomar conciencia de que o conflito non é sempre un feito negativo, senón que pode ser un proceso natural e consubstancial co home, que ben canalizado pode ser un proceso creativo.
- Adquirir unha actitude respectuosa e positiva cos que teñen diferentes opinión, cultura, raza, ou calquera outro raso ou circunstancia diferenciada.
- Dar a coñecer aos alumnos/as as iniciativas concretas de persoas, grupos, asociación ou institucións con proxectos para a paz.

Educación para a saúde

A educación para a saúde é o conxunto de todas aquelas actuacións encamiñadas a favorecer nas persoas un xeito de pensar, de sentir, e de comportarse que desenvolva ó máximo a súa capacidade de vivir individual e colectivamente, en equilibrio co seu entorno físico, biolóxico e sociocultural. O concepto de saúde enténdese non como a mera ausencia de enfermidades, senón como un estado de benestar físico psíquico e social.

OBXECTIVOS:

- Coñecer os mecanismos de funcionamento do propio corpo e ter unha imaxe axustada de si mesmo e das súas necesidades.
- Responsabilizarse do coidado e mellora da propia saúde a través da práctica de hábitos hixiénicos e dunha alimentación san e equilibrada.
- Adoptar unha actitude crítica e de rexeitamento ante as prácticas e hábitos que teñen efectos negativos para a saúde, como o tabaco, alcohol e drogas.
- Dar a coñecer aos alumnos/as as iniciativas concretas de persoas, grupos, asociación ou institucións con proxectos dentro da saúde.

Educación para a igualdade e a diversidade.

A educación para a igualdade e a Diversidade é un pilar para conseguir un centro coeducativo, libre de discriminación e respectuoso con todas as diversidades, no que todo o alumnado teña o mesmo dereito a unha educación de calidade nun ambiente escolar seguro.

OBXECTIVOS:

- Contribuír a converter o noso centro nun espazo de liberdade e pluralidade.
- Promover e impulsar medidas educativas que fomenten o respecto pola diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero.
- Evitar todo tipo de violencias sexuais, machistas ou lgbtfóbicas, verbais ou físicas.
- Fomentar a elección académica e profesional libre de estereotipos como vía de eliminación progresiva da segregación ocupacional vertical e horizontal.
- Promover o uso da linguaxe inclusiva en todos os ámbitos educativos e por parte de toda a comunidade educativa que contribúa a visibilización das mulleres e dos diversos xéneros da linguaxe.

Educación vial

Trátase de proporcionar unha educación no comportamento persoal en canto a responsabilidade para prever accidentes, tanto propios como de outras persoas.

OBXECTIVOS:

- Velar pola propia seguridade e comportamento de xeito responsable, tendo en conta aos demais usuarios.
- Informarse e utilizar os medios para mellorar a seguridade do sistema actual.

- Respetar todas as normas de circulación, na certeza de que contribuímos a seguridade propia e a dos demais.
- Dar a coñecer aos alumnos/as as iniciativas concretas de persoas, grupos, asociación ou institucións con proxectos dentro da educación vial.

Educación do consumidor

Diríxese a desenvolver no alumnado capacidades relativas á comprensión da súa propia condición de consumidor. Dos seus dereitos e deberes e do funcionamento da propia sociedade de consumo. Así mesmo, favorecer a resolución de problemas relacionados co consumo e autonomía de actuación e criterio.. Susténtase tamén nunha serie de valores como: a solidariedade con outros consumidores, o rexeitamento o consumismo e a degradación do medio ambiente.

OBXECTIVOS:

- A educación do consumidor pretende contribuír o desenvolvemento integral dos alumnos/as. Dotándoos de conceptos, procedementos e actitudes que posibiliten a construción dunha sociedade de consumo cada vez máis xusta, solidaria e responsable, capaz de mellorar a vida dos cidadáns sen deteriorar o entorno.
- Adquirir e comprender ó concepto de calidade de vida e usar axeitadamente os recursos produtivos.
- Coñecer as consecuencias que para si mesmo, para a comunidade e o medio ambiente teñen as decisión sobre o consumo e manexar racionalmente a situación adquisitiva persoal.
- Dar a coñecer aos alumnos/as as iniciativas concretas de persoas, grupos, asociación ou institucións con proxectos dentro da educación do consumidor.

Educación sexual

É importante traballar nos tres aspectos básicos da sexualidade: emocional, psicolóxico e fisiolóxico.

OBXECTIVOS:

- Comprender o feito da pubertade: cambios físicos e psicolóxicos.
- Darse conta da influencia dos medios de comunicación, a publicidade e o entorno social sobre a conducta sexual das persoas.
- Promover a autoestima e valorar outras cualidades das persoas, e non só o aspecto físico.
- Coñecer as enfermidades de transmisión sexual máis frecuentes, tomando consciencia da necesidade de evitar as condutas de risco.
- Dar a coñecer aos alumnos/as as iniciativas concretas de persoas, grupos, asociación ou institucións con proxectos dentro da educación sexual.

Educación moral e cívica.

A educación moral e cívica é imprescindible para unha educación integral onde hai que desenvolver e coidar tódalas capacidades humanas.

O modelo de educación moral que se intenta impulsar é respectuoso coa autonomía das persoas, pero a súa vez, orientado por criterios racionais. Basease en que non todo é igualmente correcto e que hai posibilidades baseadas na razón, o diálogo, e a vontade de valor que nos permiten determinar algún principios valiosos para dirixir a conducta humana.

OBXECTIVOS:

- Detectar e criticar os aspectos inxustos da realidade cotiá e das normas sociais vixentes.
- Construír formas de vida máis xustas tanto nos ámbitos interpersoais como nos colectivos.

- Conseguir que os xoves fagan seu aquel tipo de comportamento coherente cos principios e normas que persoalmente se construíron.
- Lograr que adquiran tamén aquelas normas que a sociedade, de xeito democrático buscando a xustiza e o benestar social se ten dado.
- Adquirir as habilidades necesarias para facer coherente o xuízo e a acción moral e para impulsar a formación dun xeito de ser desexada.
- Comprender que a educación moral e cívica non debe quedarse no nivel de razoamentos senón que debe transcender ó ámbito dos comportamentos.

6. PROXECTOS E PROGRAMAS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

6.1. INNOVACIÓN E CALIDADE EDUCATIVA

6.1.1. PLANS PROXECTA:

Os Plans Proxecta son unha iniciativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa.

O IES Plurilingüe Pintor Colmeiro solicitou participar nos seguintes “Proxecta” no curso:

- Quérote +.
- Proxecto Terra.
- Proxecto deportivo de centro.
- Fotografía en curso.

DATA DE APROBACIÓN CURSO 2018/19: todos foron aprobados en diversas datas do primeiro trimestre.

6.1.2. PROXECTO ABALAR

A necesidade da implantación das TIC na práctica educativa diaria, a necesidade de maximizar o aproveitamento dos recursos, coordinar e impulsar un cambio no modelo educativo apoiado na formación do profesorado e a modernización do ensino leváronnos a solicitar a integración no proxecto ABALAR para os cursos de 1º e 2º da ESO.

DATA DE IMPLANTACIÓN: CURSO 2012/2013

6.1.3. CLUB DE LECTURA

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos leva varios anos convocando axudas para apoiar o funcionamento dos Clubs de lectura nos centros de ensino. Incentívanse especialmente aquelas propostas que busquen vincular ao alumnado á lectura en galego, así como outras iniciativas destinadas a fomentar a participación de varóns nos grupos de lectura (na liña de contrarrestar os estereotipos de xénero nesta materia), e tamén as propostas que contemplan a formación de grupos de lectura con alumnado de necesidades específicas de apoio educativo (como actividade voluntaria fóra das aulas).

O noso centro leva traballando a través dos Clubs de lectura desde o curso 2013-14. A súa finalidade é:

- Acadar o hábito e a práctica de ler como unha ferramenta de interese xeral, presente na vida cotiá e escolar do individuo.

- Fomentar a escritura e a lectura recreativa no tempo de lecer.
- Intercambiar vivencias literarias.
- Contribuír a eliminar estereotipos heterosexistas, racistas e de clase.
- Establecer canles de comunicación entre os diferentes grupos da comunidade educativa.
- Impulsar o plan lector en todo o centro.

DATA DE IMPLANTACIÓN: CURSO 2013/2014.

DATA DE APROBACIÓN CURSO 2018/19: 31/12/2018

6.1.4. CONTRATOS PROGRAMA

Os centros docentes, para lograr a equidade e a excelencia na educación, deben desenvolver as capacidades de todo o alumnado conforme as súas posibilidades e circunstancias e, para iso, teñen que organizarse de xeito diferenciado, planificando os seus recursos e desenvolvendo as actuacións necesarias para o logro duns obxectivos concretos nun período de tempo determinado.

As convocatorias de contratos-programa pretenden adaptar as diferentes liñas de traballo ás novidades introducidas pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, e pretenden potenciar de forma prioritaria o desenvolvemento das competencias clave, especialmente a competencia matemática, así como a mellora da convivencia nos centros, a prevención das desigualdades entre mulleres e homes, a prevención do abandono temperán e do absentismo escolar, e o logro da excelencia educativa. O fin último é lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver ao máximo posible as súas potencialidades e, en definitiva, contribuír á mellora da calidade do sistema educativo de Galicia.

O IES Plurilingüe Pintor Colmeiro solicitou a súa participación na convocatoria 18-19 en dúas liñas:

Liña 3. Mellora da convivencia e promoción da igualdade nos centros. É a primeira vez que se solicita para este centro. Os profesionais do ensino somos conscientes da importancia da educación en valores e da necesidade da implicación das familias para conseguir resultados. A nosa proposta pretende promover actitudes que favorezan a inclusión, igualdade, habilidades sociais, mediación e a convivencia. Parte dun estudo de detección de necesidades do alumnado e das súas familias.

Unha parte das medidas que incluímos neste proxecto son implementadas por persoal experto (contamos coa colaboración do CFR de Lalín, Asociacións ...) e terán continuidade dentro do PAT nas horas de titoría.

Está dirixido ao alumnado do primeiro curso de FPB (Servizos Comerciais). Sabemos que moito do alumnado que non supera a ESO e se incorpora á FPB ten importantes carencias nos ámbitos que pretendemos traballar con esta liña dos Contratos Programa. Parte das medidas estenderanse a alumnado /familias doutros cursos da ESO.

Liña 5. Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia. O noso centro vén traballando nesta liña desde o curso 2013-14. Un curso máis o alumnado do IES Plurilingüe Pintor Colmeiro demanda a organización de actividades dirixidas a promover competencias extracurriculares. De feito, dende o mes de outubro xa comezamos a organizar os grupos de traballo e a facer unha prospección dos intereses que eles mesmos enuncian.

A aposta polo ámbito audiovisual ven sendo un referente do noso centro dende o curso 2010-2011, e o noso festival "O Videoghit" vai sendo recoñecido entre a comunidade educativa como un evento de interese contrastado.

As actividades que empregan como ferramenta o audiovisual aséntanse sempre sobre os valores transversais que a educación pública debe promover.

No presente curso programamos a participación do alumnado de excelencia en diversos eventos: Olimpíada Filosófica Galicia, Premio Stephen Hawking de investigación científica, II Congreso IDE Silleda.

DATA DE AUTORIZACIÓN 2018/19: Pendente de resolución

6.1.5. PLURILINGÜISMO

O IES Pintor Colmeiro foi autorizado pola Consellería de Educación como centro plurilingüe a partir do curso 2016-17 por medio da Orde do 16 de setembro de 2016 (DOG do 3 de novembro). Ata ese momento, e desde 2007, o centro ofreceu seccións bilingües en lingua inglesa e francesa.

No curso 2018/19 impartiranse parcialmente en lingua inglesa as materias de Educación física (1º e 2º de ESO) e Música (2º e 3º de ESO).

6.1.6. PARLAMENTO XOVE

O proxecto Parlamento Xove confórmano un conxunto de encontros dialécticos que teñen por obxecto fomentar entre a xuventude o diálogo como ferramenta para argumentar razoadamente as ideas propias.

O IES Plurilingüe Pintor Colmeiro leva concorrendo varios anos a este certame. Na edición de 2019 participará un grupo de alumnos e alumnas de 1º de bacharelato que cursan Comunicación oral I. Na programación anual desta materia de libre configuración especificábase que “tanto os obxectivos como os contidos para o nivel de 1º de BAC veñen marcados pola necesidade de coñecer e practicar o debate académico empregando como ferramenta de aprendizaxe a participación no Parlamento Xove. En consecuencia as regras deste programa condicionarán parte da metodoloxía empregada, sempre previo acordo co alumnado.”

6.1.7. TITORÍA ENTRE IGUAIS (TEI)

É un programa de convivencia institucional que implica a toda a comunidade educativa; oriéntase a mellorar a integración escolar e a traballar por unha escola inclusiva e non violenta. Baséase na titorización emocional entre iguais onde o respecto, a empatía e o compromiso son os piares básicos do seu desenvolvemento nos centros educativos.

6.1.8. EpdLab

Iniciativa promovida pola Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso) que se centra na educación en valores a través das TIC

6.2 PROXECTOS EUROPEOS

6.2.1. PROGRAMA ERASMUS+

O centro ten unha longa tradición de participación en Proxectos Internacionais que se remonta case ao momento da súa inauguración, posto que xa no ano 2002 se realizaron proxectos de intercambio de alumnado ao abeiro do proxecto Comenius. Anos máis tarde leváronse a cabo mobilidades dentro dun proxecto Grundtvig no que se implicou profesorado de educación de persoas adultas.

A Comisión Europea concedeu ao IES Pintor Colmeiro unha Carta Erasmus de Educación Superior para o período 2014-2020, que posibilita a participación en mobilidades de estudantes e persoal con fins de educación ou formación baseadas en acordos validados por institucións ou empresas, a través da acción KA 103 do programa europeo de Educación Superior. Entre os compromisos asumidos ao participar neste tipo de actividades internacionais previos á súa realización está “asegurarse de que os participantes saíntes estean ben preparados para a mobilidade, incluíndo a

competencia lingüística no nivel que sexa necesario". O instituto participa tamén no Proxecto Practicum Depo que se lle concedeu á Deputación de Pontevedra dentro da convocatoria do programa Erasmus+, incluído dentro da acción clave 1 "Movibilidade das persoas por motivos de aprendizaxe" e, en concreto, para "Proxectos de movibilidade para beneficiarios/as de ensinanzas de Formación Profesional".

6.2.2. RESUMO DAS MOBILIDADES REALIZADAS NO CENTRO NOS ÚLTIMOS ANOS:

ALUMNADO DO CS QUE PARTICIPOU NO PROGRAMA ERASMUS					
Nº	ALUMNADO	EMPRESA	PAIS	DATA SAÍDA	DATA CHEGADA
1	Lucía Mella Fernández	ELANGUEST LTD St Julians	Malta	25/09/2012	19/12/2012
2	Jesús Brey Fernández	SOS MALTA Troq oñ-Ward St Venera, Malta Claudia Taylor East 00356 99478880	Malta	30/09/2013	16/12/2013
3	Antía Carral González	Ginkgo Nimes	Francia	30/09/2013	16/12/2013
4	Lucía Castro García	Nature Trust, P.O.Box 9, VLT Valletta VLT 1000 00356 21313150 Mr.Vincent Attard	Malta	30/09/2013	16/12/2013
5	Noelia Suarez Tato	Gaming Elite 2, St. Anne Court, Bizazza St, Sliema 00356 27333376	Malta	30/09/2013	16/12/2013
6	María Carmen Costoya Fondevila	CD HOLDINGS LTD Paceville	Malta	30/06/2014	16/09/2014
7	Olalla Framiñán González	ELANGUEST LTD St Julians	Malta	30/06/2014	16/09/2014
8	Carla Rodríguez Campos	CD HOLDINGS LTD Paceville	Malta	30/06/2014	16/09/2014
9	Cristian Vence Balo	TORO CO. LTD Sliema	Malta	14/09/2015	14/12/2015
10	María Lado Rama	CD HOLDINGS LTD Paceville	Malta	14/09/2015	14/12/2015
11	Luís Muñiz López	Toro Co. Ltd. Sliema 299, Manwel Dimech Street, Sliema; www.amlanguage.com Albert	Malta	18/07/2016	25/09/2016
12	Beatriz González Rozas	Geosys 36, Triq ir-Russet, Kappara, SGN4433 www.geosys.com.mt Tim Camilleri +356 9947 2951	Malta	24/03/2017	23/06/2017
13	Estela Martínez Rodríguez	Toro Co. Ltd Sliema	Malta	24/03/2017	23/06/2017

14	Adrián Varela Blanco	Toro Co. Ltd Sliema	Malta	16/03/01	31/05/18
RELACIÓN DE ALUMNADO DO CM QUE PARTICIPOU NO PROGRMA ERASMUS (Titulados)					
Nº	ALUMNADO	EMPRESA	PAIS	DATA SAÍDA	DATA CHEGADA
1	Noelia Pereira Penela	Play Sport Emporio Bologna	Italia	25/04/2016	4/10/2016
2	Jacobo Mariño	Lavorare Insieme. Cooperativa Sociale. Dirección: Transición de la Constitución 1, 24011 Almè – Bérgamo BG Tel: 035543626 segreteria@cooplavorareinsieme.it lavorinsieme@legalmail.it http://www.cooplavorareinsieme.it/	Italia	3/10/2016	14/04/2017
3	Anthony Sardi Olivares	Salento Rent-Palazzo -Rollo (Lecce)	Italia	31/01/17	31/07/2017
4	Juan Sicolo	Activity Trentino Trentino -Alto Adige (Italia) Andalo-Trento www.activityrentino.it	Italia	02/01/18	31/05/18
5	Daniel Currás	Vivere l'Aniene , Subiaco, (50 km de Roma) https://viverelaniene.com/	Italia	02/01/18	31/05/18
6	Marcos Fernández	Naturalmente Salento. Lecce https://naturalmentesalento.it	Italia	07/01/19	31/05/19
7	Adrián Castro	Naturalmente Salento. Lecce https://naturalmentesalento.it	Italia	07/01/19	31/05/19

7. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN

No bloque de materias de libre configuración autonómica, os alumnos e as alumnas deben cursar a materia de Lingua Galega e Literatura, que terá un tratamento análogo no centro ao da Lingua Castelá e Literatura, de xeito que se garanta a adquisición das correspondentes competencias lingüísticas e a adecuada distribución segundo o establecido no artigo 7 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

- No horario establecido como de libre configuración os centros docentes poderán optar por: Afondamento e/ou reforzo de algunha materia.
 - Materia de libre configuración autonómica Materia de libre configuración do centro
- A oferta de materias de libre configuración do centro por cursos é a seguinte:

1º e 2º de ESO:

- *Programación* (DOG 21 de xullo de 2015)
- *Comprensión lectora e expresión oral I / II* (autorizada polo Xefe Territorial con data 10/07/2015)

BACHARELATO: 1º CURSO:

- *Comunicación oral I* (autorizada polo Xefe Territorial con data 10/07/2015)

BACHARELATO: 2º CURSO:

- *Reforzo de matemáticas* (DOG 21 de xullo de 2015)
- *Actividade física e saúde* (autorizada polo Xefe territorial con data 11/06/2018)
- *Comunicación oral II* (autorizada polo Xefe Territorial con data 10/05/2015)

En todo caso, respectarase o tratamento análogo das linguas cooficiais e os criterios de equilibrio establecidos no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

As materias de libre configuración autonómica deberán contar cun número mínimo de 10 alumnos e/ou alumnas para seren impartidas. En caso dun úmero menor precisarase a autorización expresa da Xefatura Territorial da Consellería de Educación

8. CRITERIOS PARA DESEÑAR, SELECCIONAR, ORGANIZAR E AVALIAR AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

8.1. DEFINICIÓNS

Terán carácter de **complementarias** aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

Teñen carácter de **extraescolares** aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra de horario lectivo e nas que a participación é voluntaria.

O Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares encargarse de promover, organizar e facilitar as actividades deste tipo incluídas cada curso na Programación Xeral Anual, tendo en conta as directrices e criterios establecidos polo Consello Escolar.

O departamento de actividades complementarias está constituído polo Vicedirector/a, que actuará como xefe/a do departamento, o responsable da biblioteca e o dinamizador/a do Equipo de Normalización Lingüística. Para cada actividade concreta colaborará o profesorado e alumnado encargado desta.

Para todo o alumnado será obrigatoria a asistencia ás actividades complementarias que se realicen dentro do centro ou en Silleda en períodos lectivos, se así se decidiu no momento da matrícula. A participación en actividades extraescolares fóra da localidade de Silleda terá carácter voluntario e requirirá unha autorización paterna.

As funcións deste Departamento son:

- Elaborar, a principio de curso, un programa de actividades, tendo en conta as propostas dos distintos sectores, que propoñerá ao Consello Escolar para a súa aprobación. Ao longo do curso fará o seguimento e coordinará as actividades aprobadas.
- Dar a coñecer ao alumnado a información relativa ás actividades do Departamento.
- A coordinación e a organización das viaxes de estudos, os intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que se realicen con alumnos/as.
- Organizar a utilización da Biblioteca do Instituto en colaboración co profesorado que constitúe o equipo de apoio da Biblioteca Escolar.

8.2. PROGRAMACIÓN E APROBACIÓN DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS

- O Plan Anual do Centro, que é aprobado polo Consello Escolar, reflectirá a programación das actividades complementarias e extraescolares que vaian realizarse ao longo do curso, de acordo cos criterios sinalados neste Proxecto Curricular e dentro do marco do Proxecto de Centro.
- No noso Centro estas actividades serán promovidas, coordinadas e organizadas pola Vicedirección. Para tales efectos, o Vicedirector/a desempeñará as súas funcións en colaboración cos Xefes dos Departamentos Didácticos, os Equipos Dinamizadores e coa Xunta de Delegados do alumnado.
- Sen prexuízo do anterior, as actividades complementarias e extraescolares que se realicen a iniciativa dos Departamentos Didácticos ou dos Equipos Dinamizadores deberán ser aprobadas por eles, coordinadas coa Vicedirección e comunicada a súa realización á Xefatura de Estudos cunha antelación mínima dunha semana. En casos excepcionais que, por razóns de urxencia ou imprevisión non achacable aos organizadores, non se puidese levar a cabo o pre-aviso dunha semana, será condición indispensable a comunicación á Xefatura de Estudos.
- A realización de calquera tipo de actividade, sexa complementaria ou extraescolar, que por especiais circunstancias non poida ser aprobada a comezo de curso, deberá levar o respaldo (adoptado en reunión) e a aprobación do Departamento/s (ou de calquera dos equipos dinamizadores) que a organice, e do Equipo Directivo.
- Á hora da programación das actividades complementarias e extraescolares terase en conta que non prexudiquen o proceso de avaliación do alumnado, polo que, na medida do posible levarán a cabo ao longo do primeiro e segundo trimestre. Terase especial coidado en restrinxir a realización das mesmas en períodos de exames e avaliacións.

Tamén se terá en conta a relación de actividades realizadas e programadas en cada curso.

Neste sentido, a Vicedirección avaliará as circunstancias extraordinarias que se dan en 4º de ESO (Excursión de fin de etapa) e 2º de Bacharelato (Selectividade), procurando limitar o impacto que puideran ter no cumprimento íntegro das programacións.

Isto supón demandar do profesorado a restrición das propostas e, sobre todo, a coordinación entre diferentes departamentos.

8.3. FINANCIACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

- O financiamento dos gastos ocasionados pola realización destas actividades farase a través de:
 - As cantidades que aproba o Consello Escolar procedentes da asignación que o centro recibe da Consellería de Educación, en concepto de gastos de funcionamento.
 - As cantidades que poidan recibirse a tales efectos de calquera Ente público ou

privado.

- As achegas realizadas polos usuarios.
- En xeral, os usuarios efectuarán o pago de cada actividade extraescolar de acordo co que a tales efectos decida o Consello Escolar do Centro. O feito de non efectuar o pago na forma que se determine suporá a perda do dereito a participar na actividade correspondente.
- Se o custo non se repercute nos usuarios, será sufragado polos departamentos que as organicen. Na medida do posible o Centro evitará o gasto que supón a invitación a comer dos conferenciantes. Se a actividade tivera unha repercusión “transversal”, e houberse que pagar a quen a impartise, os organizadores poderían contar cunha subvención (non máis dunha por Departamento e curso). Aínda así, é aconsellable que busquen colaboración noutros para o financiamento dos seus proxectos.
- De xeito excepcional, o Consello Escolar podería arbitrar as medidas oportunas para, na medida que o permitan as dispoñibilidades orzamentarias, eximir total ou parcialmente do pago destas actividades ao alumnado que solicite participar nelas e se atope en situación social desfavorecida. Poderían servir de criterio as orientacións procedentes dos servizos sociais do Concello para advertir a situación de extrema necesidade dos alumnos e alumnas que sexan identificados nestas circunstancias. Desgraciadamente, a dispoñibilidade orzamentaria non permite satisfacer o custo das actividades que se prolonguen máis aló dunha xornada.
- O alumnado de 4º curso da ESO poderá completar ingresos de cara á realización da súa viaxe de fin de etapa a través da venda de diferentes produtos, para o que contará co apoio do Centro a través da Vicedirección. Para evitar que se produza unha concorrencia de intereses que dificulten o financiamento desta actividade, o resto das viaxes que se puidesen organizar terán que contar con recursos propios, ou aqueles que procedan doutros ingresos obtidos fóra do recinto do Centro.

8.4. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVIMENTO

- Toda actividade deberá ter nomeado un/a profesor/a responsable/s. Esta esixencia non afectará a aquelas iniciativas que proveñan dun órgano colexiado do Centro ou dalgunha das asociacións legalmente constituídas.
- Naqueles casos en que para o desenvolvemento adecuado dunha actividade se necesita a participación de varios profesores ou profesoras, o/a responsable ou responsables da actividade, en coordinación coa Xefatura de Estudos, adoptará/n as medidas precisas para preservar o funcionamento normal do Centro. Neste sentido, e con carácter xeral, os acompañantes serán os docentes que, no tempo que dure o acto, lles estean impartindo clase aos grupos respectivos. Tan só, excepcionalmente, o profesorado de garda substituirá a algún profesor que se atope no Centro. Para iso, parece aconsellable que os/as organizadores/as de cada actividade programen esta en horas que se desenvolvan as sesións lectivas correspondentes ao curso en que desexen realizala.
- En caso de levar a cabo unha saída do Centro con alumnos e alumnas, deberá entregarse en Xefatura de Estudos, cunha antelación dunha semana, a seguinte información:
 - Data de realización da viaxe.
 - Unha programación detallada da viaxe no referente á súa organización: hora de saída, hora de chegada, percorrido, lugares por orde cronolóxica que se queren visitar (cos seus horarios), sitios onde se dorme (no seu caso) con dirección e número de teléfono, custo e forma en que se paga a viaxe, etc. Neste apartado débense incluír o orzamento correspondente ás dietas do profesorado.
 - Relación de profesores e alumnos que realizarán a actividade.

- As correspondentes autorizacións dos pais e titores legais dos alumnos e alumnas menores de idade. Os profesores/as responsables da organización usarán as autorizacións para controlar a asistencia e depositaranas na Xefatura de Estudos con anterioridade á saída dos alumnos co fin de cubrir calquera responsabilidade.
- Na programación e execución destas actividades non se poderá establecer ningún criterio discriminatorio, estimulando a socialización, integración e participación de todos os membros da Comunidade Educativa.
- Estimularase a realización de actividades que supoñan a participación de distintas áreas de coñecemento, priorizando aquelas que contemplan a interdisciplinariedade de distintas materias.
- Cando haxa alumnado que non participa nas actividades programadas, os responsables e/ou os titores/as dos cursos implicados nas mesmas, en colaboración coa Xefatura de Estudos, arbitrarán medidas de atención que manteñan ocupados ao conxunto dos alumnos, baixo o coidado do profesorado de garda. Para este fin pódense utilizar os novos recursos de que dispoñen as aulas, e ter unha programación estable de materiais por nivel que faciliten o labor deste profesorado.
- Garántese o dereito á realización de actividades complementarias e extraescolares dos profesores e profesoras que polas especiais circunstancias das súas materias teñen poucos alumnos.
- Non se poderá realizar ningunha actividade complementaria ou extraescolar, que se desenvolva por espazo de máis dunha xornada, sen a participación, polo menos, do cincuenta por cento dos alumnos e alumnas aos que vai dirixida a mesma, e que asisten regularmente a clase, agás aquelas que, polas súas propias características, non vaian destinadas á totalidade do curso, grupo, ciclo, etc. Calquera excepción a este principio debería contar coa autorización do Equipo Directivo. Nos casos excepcionais, aos que se refire o punto anterior, en que unha actividade (sexa programada por un Departamento, equipo dinamizador, ou calquera outro equipo didáctico) transcorra por un período superior a unha xornada, e non cumpra co requisito da participación de máis dun 50% de cada grupo de referencia, deberá abrirse a posibilidade de ofertar a outros departamentos para que participen ou colaboren na organización da mesma, e, en consecuencia, que os alumnos desas aulas que así o desexen, podan incorporarse a esa actividade.
- Naquelas actividades que supoñan saída do Centro, o número de docentes que acompañarán ao alumnado será dun por cada vinte, incrementándose nas fraccións superiores a este número. Como regra xeral procurarase que, en todo caso, o número mínimo de profesores nunha actividade que se desenvolva fora do Centro sexa de dous.
- A Xefatura de Estudos poderá excluír da participación nunha actividade, incluído as viaxes, a aqueles alumnos e alumnas que mostren reiteradas faltas de respecto cara as normas de convivencia existentes no Centro. O profesor responsable dunha actividade poderá, se o comportamento dalgún alumno ou alumna non é o axeitado, impor as sancións correspondentes, podendo, en caso de gravidade, e coas precaucións e dilixencias debidas, proceder ao retorno ao seu domicilio do alumno ou alumna. Desta actuación darase coñecemento á Dirección do Centro.
- A preparación de actividades complementarias non suporá, salvo casos excepcionais e con autorización da Xefatura de Estudos, perdas de clases para profesorado ou para o alumnado.
- Modelos de comunicación. As actividades que finalmente sexan aprobadas serán comunicadas con antelación ao profesorado das aulas afectadas pola celebración das mesmas. A tal efecto, a Vicedirección colocará, con antelación, un anuncio na sala de profesores e nas clases, e enviará un correo electrónico no mesmo sentido.

9. CANLES DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E ALUMNADO (MODELO UNIFICADO DE INFORMACIÓN SOBRE AS PROGRAMACIÓNS, USO DA AXENDA ESCOLAR, USO DA PÁXINA WEB, REUNIÓN, TUTORÍAS PAIS, AULA VIRTUAL...)

As canles de comunicación coas familias son os seguintes:

- No mes de maio de cada ano recibimos ao alumnado de 6º dos centros adscritos para un acto de acollida.
- No mes de outubro convócase aos pais/nais do alumnado da ESO para explicarlles as normas de funcionamento do centro, horarios e aclarar todo tipo de dúbidas. Nesta sesión participan os titores/as, a xefa/e do departamento de orientación e representantes da Dirección do centro.
- O horario de atención aos pais/nais fixarase no horario do profesorado en función das disponibilidades.
- Ao final de cada trimestre enviarase o boletín de notas a casa a través do alumnado. Neste boletín figurarán as notas das diversas materias, as faltas de asistencia a clase, as observacións que faga a xunta de avaliación. O resguardo de dito boletín devolverase asinado polo pai/nai ou titor legal do alumno/a en caso de ser este menor de idade.
- As faltas do alumnado seranlle comunicadas ás familias con periodicidade mensual.
- Os pais/nais do alumnado da ESO que así o desexen poden darse de alta na aplicación Abalar móbil, a través da cal reciben toda a información relevante sobre o seu fillo/a, solicitar citas co titor/a...
- Na páxina web do centro recolleranse as seguintes informacións para as familias:
 - Programacións didácticas dos distintos departamentos.
 - Acceso á aula virtual
 - Calendario do curso e horarios.
 - Novas de interese.
 - Información sobre os procesos de admisión e matrícula
 - Información sobre becas, libros...
 - Servizo de orientación profesional e bolsa de emprego

10. AVALIACIÓN DO ALUMNADO:

I. DATAS DAS AVALIACIÓNS.

a) Datas de avaliación

Durante o curso escolar haberá tres avaliacións ordinarias, a avaliación final de xuño e a avaliación extraordinaria de setembro.

As datas das avaliacións aprobaranse no claustro e consello escolar de inicio de curso, atendendo os seguintes criterios:

- Un reparto de días lectivos o máis equilibrado entre trimestres.
- Acercar na medida do posible as datas de avaliación aos períodos de vacacións: Nadal e Semana Santa.
- No caso de 2º de Bacharelato o calendario virá condicionado polas datas de realización das probas de acceso a Universidade. As sesións de avaliación finais ordinarias e extraordinarias realizarase de acordo co marcado na Orde de Calendario escolar emitida

cada curso pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

b) Documentos de avaliación

Os documentos oficiais de avaliación son: o expediente académico, as actas de avaliación, o informe persoal por traslado, o consello orientador de cada un dos cursos de educación secundaria obrigatoria, e os historiais académicos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Os documentos oficiais de avaliación serán visados polo/a director/a do centro docente e levarán as sinaturas autógrafas das persoas que corresponda en cada caso. Tamén constará o nome e os apelidos da persoa asinante, así como a referencia ao cargo ou á atribución docente. O historial académico e, de ser o caso, o informe persoal por traslado considéranse documentos básicos para garantir a mobilidade do alumnado por todo o territorio nacional.

Os documentos oficiais de avaliación deberán recoller sempre a norma que regula o currículo correspondente, e cando deban ter efectos fóra do ámbito da comunidade autónoma estarase ao disposto no artigo 36.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A nota media de cada etapa será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias, redondeada á centésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior. A situación de “non presentado/a” (NP) equivalerá á cualificación numérica mínima establecida para cada etapa, agás que exista unha cualificación numérica obtida para a mesma materia en proba ordinaria, en cuxo caso se terá en conta esta cualificación.

As actas de avaliación estenderanse para cada curso e pecharanse ao termo do período lectivo ordinario e na convocatoria das probas extraordinarias. Abranguerán a relación nominal do alumnado que compón o grupo, xunto cos resultados da avaliación das materias, expresados nos termos dispostos para cada etapa no apartado 2 desta disposición, e as decisións sobre promoción e permanencia.

Nas actas de segundo e posteriores cursos de educación secundaria obrigatoria, e de segundo curso de bacharelato, figurará o alumnado con materias non superadas do curso anterior. En cada un destes cursos estenderanse actas de avaliación de materias pendentes ao termo do período lectivo ordinario e da convocatoria da proba extraordinaria. Nas actas correspondentes ao cuarto curso de educación secundaria obrigatoria e ao segundo curso de bacharelato, farase constar que o/a alumno/a cumpre as condicións necesarias para poder presentarse á avaliación final da etapa correspondente.

As actas de avaliación serán asinadas por todo o profesorado do grupo en educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e levarán o visto e prace do/da director/a do centro docente. A súa custodia e o seu arquivo correspóndelle ao centro docente. A xestión electrónica destas realizarase, de ser o caso, de acordo co procedemento que se determine.

O expediente académico recollerá, xunto cos datos de identificación do centro, os do alumno ou da alumna, así como a información relativa ao seu proceso de avaliación. Abrirase no momento de incorporación ao centro docente e recollerá, cando menos, os resultados da avaliación coas cualificacións obtidas, as decisións de promoción de etapa, as medidas de apoio educativo e as adaptacións curriculares adoptadas para o alumno ou alumna.

A custodia e o arquivo dos expedientes académicos do alumnado correspóndelles ao centro docente no que se realizaran os estudos das ensinanzas correspondentes, e a súa cobertura e custodia será supervisada pola Inspección Educativa.

O historial académico de educación secundaria obrigatoria e o historial académico de bacharelato

son os documentos oficiais que reflicten os resultados da avaliación e as decisións relativas ao progreso educativo do alumnado na etapa correspondente. Estes documentos estenderanse en impreso oficial, levarán o visto e prace do/da director/a e terán valor acreditativo dos estudos realizados; como mínimo recollerán os datos identificativos do/da estudante, a modalidade ou opción elixida e as materias cursadas en cada ano de escolarización, xunto cos resultados da avaliación obtidos para cada unha delas e a expresión da convocatoria concreta (ordinaria ou extraordinaria), as decisións sobre promoción e permanencia, a nota media da etapa, a información relativa aos cambios de centro docente, as medidas curriculares e organizativas aplicadas, e as datas en que se produciu cada feito.

Así mesmo, con respecto á avaliación final de etapa deberán consignarse, para cada modalidade ou opción superada polo alumno ou a alumna, a cualificación numérica obtida en cada unha das materias, así como a nota obtida na avaliación final e a cualificación final da etapa resultante para a devandita modalidade.

II. AVALIACIÓN INICIAL.

Cada curso durante as primeiras semanas de clase levarase a cabo unha avaliación inicial de seguimento de todos os niveis educativos: ESO, bacharelato, FP e educación de persoas adultas, e así aparecerá contemplada no calendario escolar.

A finalidade desta avaliación é a seguinte:

- ESO e bacharelato: ademais de facer o seguimento do curso e recompilar información, adoptar decisión sobre alumnado susceptible de recibir algunha medida de apoio ou de atención a diversidade: incorporación a un agrupamento específico, exención do 2º idioma, adaptacións curriculares.
- Formación profesional

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas,. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

III. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE CURSO (ESO – Bacharelato - FP Específica – ESA)

ESO

As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou da alumna.

Promoción de curso.

Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

- Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
- Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.
- Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

Poderá tamén autorizarse de xeito excepcional a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa e sempre que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador .

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques.

No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque.

As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas.

Quen teña promoción sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo. Esta circunstancia terase en conta aos efectos de promoción previstos nos apartados anteriores.

O alumno ou a alumna que non teñan promoción deberán permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderáselle aplicar no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en terceiro ou cuarto curso, terá dereito a permanecer no réxime ordinario cursando educación secundaria obrigatoria ata os dezanove anos de idade, feitos no ano no que finalice o curso. Excepcionalmente, poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.

En todo caso, as repeticións estableceranse de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumno ou da alumna e estean orientadas á superación das dificultades detectadas.

Esta medida deberá ir acompañada dun plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior. Os centros docentes organizarán este plan de acordo co que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

Bacharelato

Os alumnos e as alumnas terán promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando teñan superadas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso das materias pendentes de primeiro. O centro organizará as consecuentes actividades de recuperación e a avaliación das materias pendentes.

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque. Sen superar o prazo máximo para cursar o bacharelato, os alumnos e as alumnas poderán repetir cada un dos cursos de bacharelato unha soa vez como máximo, aínda que excepcionalmente poderán repetir un dos cursos unha segunda vez, logo dun informe favorable do equipo docente.

Os alumnos e as alumnas que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgúns materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou optar por repetir o curso completo.

FP específica

O alumnado poderá formalizar a matrícula no segundo curso cando teña superados todos os módulos do primeiro curso ou se a suma da duración do módulo ou dos módulos pendentes non supera as 300 horas. En todo caso, cando un alumno ou unha alumna non logren a promoción deberán repetir os módulos profesionais non superados, para o cal deberán formalizar a matrícula no mesmo curso e se incorporarán ao grupo de alumnado correspondente. (art. 4, Orde 12/7/2011).

ESA

A normativa de referencia é a Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 12 de abril).

A xunta de avaliación poderá decidir a promoción ao módulo seguinte do alumnado que, avaliado negativamente nun dos módulos dun ámbito de coñecemento, acadase, a xuízo do equipo docente, o nivel de madureza que lle permita continuar con aproveitamento os estudos dese módulo seguinte.

IV. CRITERIOS DE TITULACIÓN (ESO - Bacharelato - FP específica - FP básica - ESA)

ESO

Segundo a resolución de 9 de xuño da Dirección xeral de Educación, FP e Innovación educativa pola que se editan instrucións para a adopción de medidas para a aplicación do disposto no RD 562/2017 de 2 de xuño polo que se regulan as condicións para a obtención do título de graduado en ESO, requirírase:

Ter avaliación positiva en todas as materias e ter acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.

Así mesmo, obterá o título aquel alumnado que unha vez realizadas as probas extraordinarias finalice a etapa con avaliación negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas. A estes efectos:

- a) As materias coa mesma denominación en diferentes cursos consideraranse como materias distintas.

- b) Sen prexuízo do anterior, para obter o título será preciso que o equipo docente considere que o alumno ou alumna ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.

Bacharelato

Para obter o título de bacharel será necesaria a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato. A cualificación final da etapa será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas no bacharelato, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais redondeada á centésima.

Así mesmo, conforme o disposto nos artigos 44.4 e 50.2 da Lei 2/2006, do 3 de maio, os alumnos e as alumnas que estean en posesión dun título de técnico ou de técnico superior, ou de técnico das ensinanzas profesionais de música ou de danza, poderán obter o título de bacharel pola superación da avaliación final de bacharelato en relación coas materias do bloque de materias troncais que como mínimo se deban cursar na modalidade e na opción que escolla o alumno ou a alumna.

No título de bacharel deberá facerse referencia a que o devandito título se obtivo da forma indicada no parágrafo anterior, así como a cualificación final de bacharelato, que será a nota obtida na avaliación final de bacharelato.

O título de bacharel facultará para acceder ás ensinanzas que constitúen a educación superior, establecidas no artigo 3.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. No título de bacharel constará a seguinte información:

- Modalidade cursada. No caso de alumnos e alumnas que desexen obter o título de bacharelato por máis dunha modalidade, faranse constar as modalidades que superaran na avaliación final.
- Cualificación final de bacharelato.

FP Básica

No caso da FP Básica para determinar si o/a alumno/a acadou os obxectivos para titular na ESO, seguirase o seguinte modelo:

VALORACIÓN DO ALUMNADO DA FP BÁSICA PARA PROPOSTA DO TÍTULO DA ESO.

DATOS PERSOAIS	
Apelidos, Nome:	
D.N.I. / N.I.E.	

GRAO DE LOGRO DOS OBXECTIVOS E COMPETENCIAS NA FP BÁSICA			
Módulo	Obxectivos (1)	Competencias (2)	Nota (3)
Ciencias aplicadas I			
Comunicación e sociedade I			
Comunic. en linguas galega e castelá I			
Comunicación en lingua inglesa I			
Sociedade I			
Tratamento informático de datos			
Técnicas básicas de merchandising			
Operacións auxiliares de almacenaxe			
Ciencias aplicadas II			
Comunicación e sociedade II			
Comunic. en linguas galega e castelá II			
Comunicación en lingua inglesa II			
Sociedade II			
Atención á clientela			
Aplicacións básicas de ofimática			
Preparación de pedidos e venda de produtos			
Formación en centros de traballo			
<p>(1): Indicar o grao: Logrados ou Non Logrados. (2): Indicar o grao: Logradas ou Non Logradas (3): A Nota é a do Módulo segundo a Acta de Avaliación Final correspondente</p>			

COMPARATIVA CO GRAO DE ADQUISICIÓN DOS OBXECTIVOS E COMPETENCIAS DA E.S.O.

Ámbito	Objetivos (1)	Competencias (2)	Nota (3)
Materia			
Científico - Tecnolóxico			
Matemáticas			
Bioloxía			
Física			
Tecnoloxía			
Comunicacións			
Lingua e literatura castelá			
Lingua e literatura galega			
Lingua estranxeira (inglés)			
Social			
Xeografía e Historia			

(1): Indicar o grao: Pouco Adecuado, Adecuado, Moi Adecuado, Excelente

(3): A Nota é a correspondente ao Ámbito/Materia segundo a comparativa de Obxectivos e Competencias.

CUMPRIMENTO DO SINALADO NAS INSTRUCIÓNS DA D.X. EDUCACIÓN

- Ten superados tódolos módulos profesionais do ciclo formativo
- Ten acadados os obxectivos da E.S.O.
- Ten acadadas as competencias da E.S.O.
- Cumpre os requisitos para a obtención do Título da ESO

En base a todo o anterior, o equipo docente acorda

PROPOÑER

NON PROPOÑER

A alumna/o para o título da ESO coa cualificación de

.

En Silleda

DATA:

Asdo. Titora / Titor:

Sinaturas do equipo docente

FP específica

Segundo o Capítulo XII (“Titulación e acreditación”) da Orde de 12 de xullo de 2011 o alumnado poderá titular no ciclo formativo a partir dos criterios que se relacionan:

- Para a obtención do título de técnico ou de técnico superior, cumprirá acreditar a superación de todos os módulos profesionais de que conste o correspondente ciclo formativo, así como cumprir os requisitos de acceso a el.
- Aqueles que non superasen na súa totalidade as ensinanzas de cada un dos ciclos formativos, dos cursos de especialización, ou que se matriculen nos programas formativos específicos para determinados colectivos, terán dereito a que se lles expida un certificado académico dos módulos profesionais superados, o cal terá, ademais dos efectos académicos, efectos de acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas en relación co Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.
- O alumnado do réxime de persoas adultas que non superase algún módulo profesional terá dereito, de ser o caso, a que se lle expida un certificado académico das unidades formativas de menor duración do módulo profesional superadas, co fin de facilitar a formación permanente ao longo da vida. A superación de todas as unidades formativas do módulo profesional dará dereito á certificación deste.

ESA

